

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 30/12/1973**

**Colección:**

**Data:** 30/12/1973

**De:**

Valentín Paz-Andrade;

**Para:**

Maruxa Seoane; Luís Seoane;

**Orixe:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Mencionados:**

Francisco Fernández del Riego; Urbano Lugrís; Xurxo Patiño; Alfonso Paz-Andrade; Pilar Rodríguez de Prada;

---

## **Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 30/12/1973**

VIGO, 30, Nadal, 1973

Queridos Luis e Maruxa:

Andaba escrito que o Ano tería que rematar con malas novas. O día de Noiteboa enterramos a Urbano Lugrís en Pereiró. Agora recibimos, a traves de Paco del Riego, noticia da morte de tua nai (q.e.p.d.), en Xixón. Nunca a fala se fái mais pouco expresiva, que cando chega a vida d-un unha proba semellante a que estades pasando. Estamos a compartir na lonxania a vosa door. E ben pouco, pra tan abraiante pancada. E canto os amigos podemos. Diante da fatalidade irrecurrible non se abríu ainda ningun camiño confortador, e samente o tempo, e a vida que sigue correndo, poden proporcionar cicatrización.

O pobre Lugrís derrubouse d-un día pra outro. O seu xenio persoal, desordeado e sin liña firme nin siquera fronte a vida, viña mascarando a gravidade das suas doencias. Maormente do corazón, que deixou de latexar cando semellaba voltar ao

seu. Costoulle traballo a Patiño, o de Librouro, internal-o no Hospital, pois sinteuse agudamente doorido na rua, cando rubía a costa que da Rúa do Príncipe leva a librería. Nos mesmos días, sin saber que se atopaba doente, e como outros anos, andabamos Alfonso i-eu a procura do pobre amigo pra non deixar que pasara a Noiteboa isolado. Non pudemos senon acompañal-o no camposanto, pois xa o levaran ao depósito de cadavres.

A prensa galega, fói inxusta, por cativa valoración, con este valor que perdemos. Somente a Voz de Galicia fixo algo mais digno, como de cote sucede. A xordeira dos outros, a insensibilidade, a cativez... e pra provocar desespero.

Nada mais. Estamos a vosa beira na amargura d-esta hora. Moitas, longas apertas de

Valentín

Ya sabéis cuánto os quiero, por eso vuestras penas y alegrías las siento profundamente. En estos días os recuerdo y recuerdo a mi madre.

Un abrazo con el cariño de siempre.

M<sup>a</sup> Pilar

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.